

# PREVENCIÓN NO SERVIZO DE EMPREGADAS DO FOGAR FRONTE AO CORONAVIRUS (PARTE I)

Garantir  
**DISTANCIA DE  
SEGURIDADE**  
(1,5 m)

- Non ir a traballar con febre (> 37º) ou síntomas da COVID-19 ou se tivo contacto próximo con persoa infectada. Avisar ao titular.
- Se non se pode evitar o contacto próximo, o convivente levará máscara cirúrxica e actuará do seguinte xeito:
  - Domicilio no que NON hai identificación de **casos: medidas de precaución estándar habituais** establecidas polas autoridades sanitarias
  - Domicilio no que hai identificado un **caso posible ou confirmado de COVID-19**, aplicaranse as medidas de illamento domiciliario

Establecer  
**MEDIDAS  
PROTECCIÓN  
PERSOAL**

- **Recomendacións xerais** sobre o uso de EPI:
  - Tarefas domésticas ou coidado a persoa sen síntomas: **bata, máscara** e **luvas** de protección desbotables de uso individual eliminarase no lixo do domicilio
  - Tarefas de coidado a caso posible/confirmado con COVID-19: **bata desbotable** cun **mandil impermeable** ou bata resistente a líquidos, **máscara** cirúrxica ou **FFP2**, **luvas** de protección e **protección ocular** para uso individual
- **Poñer** os EPI **antes** de **entrar** na **habitación** e eliminalos dentro, menos a protección respiratoria que se retirará fóra. Colocalos e retiralos na **orde adecuada**
- **Lavar** as **mans** antes de poñer e despois de quitar os EPI. Evitar tocarse a cara cando se leven postos

Establecer  
**MEDIDAS  
ORGANIZATIVAS**

- **Valorar** a continuidade da prestación do servizo
- Identificar as persoas traballadoras **especialmente sensibles**
- Procurar que sexa **unha única persoa** a que proporcione a atención ao enfermo
- Protexer a seguridade e saúde laboral da empregada do fogar
- Garantir a **información** específica das medidas preventivas

## Para información en Prevención de Riscos Laborais:

- |              |  |
|--------------|--|
| – A CORUÑA   | 981 182 329 <a href="mailto:issga.coruna@xunta.gal">issga.coruna@xunta.gal</a>         |
| – LUGO       | 982 294 300 <a href="mailto:issga.lugo@xunta.gal">issga.lugo@xunta.gal</a>             |
| – OURENSE    | 988 386 395 <a href="mailto:issga.ourense@xunta.gal">issga.ourense@xunta.gal</a>       |
| – PONTEVEDRA | 886 218 101 <a href="mailto:issga.pontevedra@xunta.gal">issga.pontevedra@xunta.gal</a> |
| – SANTIAGO   | 881 999 332 <a href="mailto:issga@xunta.gal">issga@xunta.gal</a>                       |

# 061

SÓ CASOS GRAVES  
OU URXENCIAS



# 900 400 116

## INFORMACIÓN CIDADÁNS

MÁIS INFORMACIÓN:  
[coronavirus.sergas.gal](http://coronavirus.sergas.gal)

 XUNTA  
DE GALICIA

# PREVENCIÓN NO SERVIZO DE EMPREGADAS DO FOGAR FRONTE AO CORONAVIRUS (PARTE II)

## Establecer

### MEDIDAS DE HIXIENE E LIMPEZA

XERAIS

- Reforzar a dispoñibilidade de **material de limpeza e hixiene**
- **Lavar** frecuente as **mans** e sempre despois do contacto coa persoa enferma ou a súa contorna. Usar **papel desbotable** para secalas
- As **uñas** levaranse curtas e coidadas e o **pelo** recollido. Evitar o uso de aneis, pulseiras, reloxos, etc.
- **Limpar** con **frecuencia** as **superficies** que se tocan máis a miúdo con auga e xabón. Tras realizar a limpeza deberase realizar hixiene de mans.
- Lavar a **roupa de traballo de forma separada** nun programa de auga quente

## Ventilar con máis frecuencia o domicilio

- Realizárase a **limpeza e desinfección diaria** das superficies
- Lavar a **roupa da persoa enferma separada** doutra, colocala nunha **bolsa pechada** e non sacudila. Baleirar a bolsa na lavadora e lavar as mans. Usar un programa de **auga quente** cos **deterxentes** habituais
- **Lavar a louza** e demais utensilios reutilizables con auga quente e xabón ou mellor no lavalouzas
- Usar **papeleiras** con tapa, pedal e bolsa que peche ben

## Eliminar os residuos en bolsas de plástico herméticas utilizando o procedemento de tripla bolsa:

- BOLSA 1 (dentro do cuarto): introducir os residuos e o material desbotable da persoa enferma e pechala
- BOLSA 2 (na saída do cuarto): introducir a BOLSA 1, máis as luvas e máscara utilizadas polo coidador e pechala
- BOLSA 3 (fóra do cuarto): BOLSA 2 máis o resto dos residuos domésticos, pechar a bolsa. Lavar as mans e depositarase no contedor de restos xerais

## Establecer

### MEDIDAS DE HIXIENE E LIMPEZA

POSIBLE/CONFIRMADO COVID-19

## Establecer

### MEDIDAS DE HIXIENE E LIMPEZA

XESTIÓN DE RESIDUOS COVID-19

#### Para información en Prevención de Riscos Laborais:

- |              |  |
|--------------|--|
| – A CORUÑA   | 981 182 329 <a href="mailto:issga.coruna@xunta.gal">issga.coruna@xunta.gal</a>         |
| – LUGO       | 982 294 300 <a href="mailto:issga.lugo@xunta.gal">issga.lugo@xunta.gal</a>             |
| – OURENSE    | 988 386 395 <a href="mailto:issga.ourense@xunta.gal">issga.ourense@xunta.gal</a>       |
| – PONTEVEDRA | 886 218 101 <a href="mailto:issga.pontevedra@xunta.gal">issga.pontevedra@xunta.gal</a> |
| – SANTIAGO   | 881 999 332 <a href="mailto:issga@xunta.gal">issga@xunta.gal</a>                       |

# 061

SÓ CASOS GRAVES  
O URXENCIAS



# 900 400 116

## INFORMACIÓN CIDADÁNS

MÁIS INFORMACIÓN:  
[coronavirus.sergas.gal](https://coronavirus.sergas.gal)



XUNTA  
DE GALICIA